



PLAN DE CONTINXENCIA DO IES DO CASTRO NO CURSO 2020-2021

1. INTRODUCCIÓN

O presente Plan de Continxencia foi elaborado polo equipo Covid do IES do Castro, baseándose no modelo proposto polas Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade na resolución conxunta emitida .

Nestas instrucións márcanse unha serie de pautas e directrices sobre como actuar no caso de que xurda un abrocho no centro. Este Plan de continxencia ten tamén por finalidade establecer o proceso para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se vise interrompida esta pola aparición dun gomo que supoña o peche dunha aula, dunha etapa educativa ou do centro.

2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar ao alumnado. A continuación, procederase tal e como establece o plan de adaptación.



3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 -sempre a petición da Autoridade Sanitaria-, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Trala aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena, o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- Terase en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase **contacto estreito** a calquera alumno ou profesional do centro educativo (profesor ou outro traballador) que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia inferior a 2 metros durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara. Os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.



- **As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado** (cunha obriga de illamento durante 10 días) **deberán estar en corentena nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial por un período de 10 días.** O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.

- **En función da intensidade e virulencia do gomo,** así como do número de persoas e niveis educativos afectados **a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula,** das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o brote ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.** Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. **O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual de cada grupo, ou da utilización doutros medios e plataformas de comunicación accesibles para o alumnado,** tales como videoconferencias, sistemas de almacenamento na nube coma *Google Drive*, correos electrónicos, etc...; moitas destas plataformas xa foron implementadas durante o período de



suspensión da actividade presencial no curso 2019-2020, polo que tanto o alumnado coma o profesorado ten experiencia no seu uso.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

13. Para un eventual período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Formación previa do profesorado no uso da aula virtual e outras ferramentas dixitais que permitan afrontar o ensino telemático, a través de cursos de formación que serán ofertados pola Consellería.
- b) Durante o mes de setembro, antes da incorporación do alumnado ás aulas, porase en funcionamento a aula virtual do centro, creando cursos e usuarios para o alumnado e profesorado. Estarán operativos antes de que remate o mes de setembro.
- c) Durante os primeiros días de clase, en setembro, ao alumnado ensinaráselle o uso da aula virtual e outras ferramentas dixitais, en previsión dun posible confinamento.

-Os titores facilitarán a inscrición do alumnado na aula virtual do centro así como nos cursos dos que formen parte.

-Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurase de que o alumnado coñece o funcionamento do seu curso na aula virtual, ou ben de calquera outra ferramenta dixital que prevea utilizar en caso de confinamento.

- d) Tamén durante o mes de setembro, os titores identificarán ao alumnado que puidera ter dificultades para o acceso ao ensino telemático, ben por falta de recursos ou de conexión e notificaranllo ao equipo directivo, o cal elaborará unha listaxe con este alumnado e as súas necesidades.



e) Medidas de actuación en caso dun confinamento

NO CASO DE CONFINAMENTO TOTAL DE GRUPO

- Elaborarase unha táboa de tarefas semanais para o alumnado confinado na que cada profesor consignará as tarefas a realizar, que será enviada aos seus correos electrónicos os luns antes das 14.00 h.
- Levarase un control semanal das actividades propostas por cada profesor e da realización das mesmas polo alumnado confinado, coordinado entre os titores e o departamento de orientación.
- Poráse especial atención no alumnado con NEE , que serán tamén asistidos telemáticamente polo departamento de orientación en especial polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.

NO CASO DE CONFINAMENTO INDIVIDUAL

- O titor/a comunicará a incidencia ao profesorado do grupo correspondente e enviaralle ao alumno/a o material necesario para traballar na casa. Cada profesor/a realizará o seguimento do alumno/a na súa materia.
-
- f) Para a comunicación coas familias durante a suspensión do ensino presencial o centro usará as seguintes canles:
 - Abalar móbil.
 - Páxina web do centro
- g) As programacións didácticas dos departamentos incluirán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia,

3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro, realizarase un proceso de volta á actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e comunicarllo ao centro.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa José Gómez Posada - Curros 1. 36203 . Vigo

986 422 974. 986 423 063

<http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro/>
ies.docastro@edu.xunta.es



- O alumnado estará perfectamente formado e rexistrado para traballar coa Aula Virtual, ou con outras plataformas dixitais; o profesorado indicarlles a forma de entrar, subir traballos, enviar correos electrónicos e todo tipo de destrezas dixitais imprescindibles para o traballo na casa.
- Tamén teremos un rexistro das persoas que non teñen internet ou ordenador na casa. No caso dun novo confinamento, comunicaríamosenos con eles persoalmente vía telefónica para atopar unha solución.